

Nº 2255

REFERENCIA: PR946A 98/31-2

SOLICITANTE: SOCIEDAD DEPORTIVA BARALLA

DOCUMENTO: PR946A.601

NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

Notifícolle que con data 09/06/1998 o Xefe do Servicio Provincial da Secretaría Xeral para o Deporte (P.D. Resolución de 12-9-97, D.O.G. 15-9-97) dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

“ Vista a solicitude e documentación presentada, e sendo conforme coa Lei 11/1997 do 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia, co Decreto 216/1997 do 30 de xullo, e demais normativa aplicable, é polo que:

RESOLVO:

Ratifica-los Estatutos e inscribir no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia ó **SOCIEDAD DEPORTIVA BARALLA** co Nº DE REXISTRO 5825.

Contra esta Resolución poderase interpoñer Recurso Ordinario perante o Sr. Conselleiro da Presidencia e Administración Pública no prazo de un mes a contar desde a data de notificación da presente Resolución.”

Así mesmo, deberán comunicar e solicita-la inscrición no Rexistro, das modificacións que se produzan con relación ós datos consignados (cambios na Xunta Directiva, cambio de denominación, modificación dos Estatutos, enderezos sociais, etc.).

Achégaselle, copia dos Estatutos, e Acta Fundacional, unha vez dilixenciados.

Lugo, 9 de xuño de 1998

O XEFE DA SECCIÓN

P.O.



Asdo: Luis Gregorio Ramos Misioné

SR. PRESIDENTE DO SOCIEDAD DEPORTIVA BARALLA

*** ESTATUTOS DO CLUB ***

SOCIEDAD DEPORTIVA BARALLA

(Nome do Club)

CAPITULO I

NORMAS XERAIS:

Artigo 1º. O/A SOCIEDAD DEPORTIVA BARALLA

é unha Asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, integrada por persoas físicas, que ten como obxecto exclusivo ou principal a práctica da actividade física e deportiva polos asociados, sen ánimo de lucro.

Artigo 2º.- O/A SOCIEDAD DEPORTIVA BARALLA practicará como principal modalidade deportiva a de FUTBOL, e solicitará a ratificación dos Estatutos e a inscrición no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia de conformidade coa Lei Xeral do Deporte de Galicia.


O/A SOCIEDAD DEPORTIVA BARALLA practicará así mesmo as modalidades deportivas de _____ e para tal fin funcionarán as seccións deportivas correspondentes, sen prexuízo de que a Asemblea Xeral poida acordar a creación doutras.

Artigo 3º.- O domicilio Social do/da SOCIEDAD DEPORTIVA BARALLA

fixarase na rúa CONSTANTIN

nº 17 poboación BARALLA C.P. 27680

provincia LUGO teléfono 982 363407


(1)

O Presidente cando as circunstancias o aconsellen, poderá acorda-lo cambio do domicilio social dentro da mesma localidade. Para o traslado do domicilio a outra localidade, que deberá ser sempre dentro do territorio da comunidade Autónoma de Galicia, será necesario o acordo maioritario da Asemblea Xeral Extraordinaria.

En ámbolos casos, o traslado de domicilio social non implicará modificación estatutaria, e terá que ser notificado os socios, e ó Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia.

O/A SOCIEDAD DEPORTIVA BARALLA tamén
conta cos seguintes locais e instalacións propias:

CAPITULO II

CLASES DE SOCIOS, ADMISION, DEREITOS E OBRIGACIONES


Artigo 4º.- O número de socios será ilimitado. A Asemblea Xeral poderá suspender, non obstante, a admisión de novos socios cando así o esixan razóns de aforo ou capacidade física das instalacións. Os socios poderán ser das seguintes clases: de número, honorarios, aspirantes e familiares.

Artigo 5º.- Son socios de número tódalas persoas maiores de idade, que satisfagan a cota social establecida pola Asemblea Xeral.

Os menores de 18 anos, clasificaranse como socios aspirantes, tendo dereito ó uso das instalacións sociais mediante a cota que se fixe e pasarán automaticamente a ser socios de número ó cumpriren a maioría de idade.

Serán socios honorarios aquelas persoas ás que a Asemblea Xeral confira esta distinción e terán un posto de preferencia nos actos oficiais da sociedade.

Son socios familiares todas aquelas persoas que dependan economicamente dun socio de número e convivan con el no mesmo domicilio.



(2)

Artigo 6º.-

1.- Os socios de número terán os seguintes dereitos:

- a) Contribuír ó cumprimento dos fins específicos da asociación.
- b) Esixir que Asociación se axuste ó disposto na normativa autonómica deportiva e ó establecido no presente Estatuto.
- c) Separarse libremente da Asociación.
- d) Coñece-las actividades da Asociación e examina-la súa documentación, previa petición razoada ó Presidente.
- e) Expór libremente as súas opinións no seo da Asociación.
- f) Ser elector e elixible para os órganos de representación e goberno da Asociación, sempre que teña plena capacidade de obrar.

2.- Son obrigacións dos socios de número:

- a) Aboa-las cotas que esixa a Asemblea Xeral.
- b) Contribuír ó sostemento e difusión do deporte ou modalidades Deportivas.
- c) Acatar cantas disposicións dicte a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva ou Presidente, para o bo goberno da sociedade.

3.- Os socios aspirantes terán dereito a disfrutar dos servizos e instalacións sociais da Asociación.



4.- Os familiares dos socios de número terán dereito a disfrutar daqueles servizos e instalacións que se determinen, previo pago da cota fixada.

Artigo 7º.- Para ser admitido como socio, en calquera das súas modalidades, será necesario:.

- * Te-la idade sinalada para cada unha delas.
- * Solicitude por escrito dirixida ó Presidente.
- * Satisface-la cota de ingreso correspondente.

Artigo 8º.- A condición de socio pérdese:

- * Por vontade propia.
- * Por falta de pago das cotas sociais durante tres meses consecutivos, previo requirimento de pago, e consecuente Resolución do Presidente.


(3)

CAPITULO III

ORGANOS DE REPRESENTACION E GOBERNO

Artigo 9º.-

Son Organos de representación e goberno do Club SOCIEDAD DEPORTIVA
BARALLA a Asemblea Xeral e ó Presidente.

Artigo 10º.-

O Presidente é o órgano executivo do Club, posúe a representación legal convoca e preside os órganos de representación e goberno executando os acordos destes.

Será elixido mediante sufraxio libre, directo igual e secreto por e entre os membros da Asemblea Xeral, cada 4 anos.

Artigo 11º.-

O Presidente cesará por:

- a) Transcorre-lo prazo polo que foi elixido.
- b) Demisión.
- c) Falecemento ou incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do seu cargo.
- d) Aprobación dunha moción de censura pola Asemblea Xeral.

Artigo 12º

Como órganos complementarios dos de goberno e representación poderá haber unha Xunta Directiva para asistir ó Presidente.

1.- A Xunta Directiva estará formada por un número de membros non inferior a cinco nin superior a quince, e da que formará parte un Secretario e un Tesoureiro.

2.- A Xunta Directiva é o órgano colexiado de xestión do Club, sendo os seus membros designados e revocados libremente polo Presidente que a presidirá.


3.- **Corresponderán á Xunta Directiva as seguintes atribucións:**

A Xunta Directiva como órganos colaborador do presidente, non terá competencias propias e exercerá por delegación, as que lle encomende o Presidente que poderá avogar e revogar en calquera momento.

Artigo 13º

1.- A Xunta Directiva quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos seus membros. En segunda convocatoria será suficiente a concorrencia, polo menos, de tres dos seus membros, e, en todo caso, do Presidente.

2.- A Xunta Directiva convocarase polo Presidente con dous días de antelación, como mínimo, á data de celebración..


(4)

Artigo 14º

A Xunta Directiva quedará tamén validamente constituída, cando estean presentes tódolos seus membros, aínda que non houbera mediado convocatoria previa.

Artigo 15º

1.- O Tesoureiro da Xunta Directiva será o depositario da Asociación, asinará os recibos, autorizará os pagos e levará os Libros de Contabilidade.

2.- Será obriga do Tesoureiro formalizar, durante o primeiro mes de cada ano, un balance de situación e as contas de ingresos e gastos, que se porán en coñecemento de tódolos asociados.

Artigo 16º

O Secretario da Xunta Directiva coidará do arquivo da documentación, redactará cantos documentos afecten á marcha administrativa da Asociación e levará o Libro de Rexistro de Socios e o Libro de Actas.

Artigo 17º

1.- A Asemblea Xeral é o órgano supremo do goberno da Asociación e estará integrada por tódolos seus socios de número.


2.- As Asembleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela, presentes ou representados, a maioría dos seus asociados. En segunda e última convocatoria media hora máis tarde, quedará constituída calquera que sexa o número de membros presentes. Entre a data de convocatoria e o día sinalado para a súa celebración terán de mediar, como mínimo, dez días naturais e non poderán transcorrer máis de 20.

Artigo 18º

A Asemblea Xeral convocarase polo Presidente a iniciativa propia ou do vintecinco por cento, ó menos, dos socios de número.

1.- A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario, previa convocatoria do Presidente, ó menos unha vez ó ano para tratar das seguintes cuestións:

- a) Memoria, liquidación do presuposto, balance do exercicio, rendición de contas e aprobación, se procede.*
- b) Presuposto para o seguinte exercicio.*
- c) Proxecto e propostas do Presidente ou da Xunta Directiva.*
- d) Proposición que formulen os socios e que terán de ir asinadas ó menos, polo cinco por cento dos mesmos.*
- e) Rogos e preguntas.*



(5)

2.- Terá de se celebrar Asemblea Xeral extraordinaria para a modificación de Estatutos, elección do Presidente, tomar cartos a préstamo, emisión de títulos representativos de debeda ou de parte alicuota patrimonial, enaxenación de bens inmoables e fixación de cotas dos socios, e calquera outro acordo previsto nestes estatutos ou que estime oportuno polo Presidente ou proceda legalmente.

ARTIGO 19

Os acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, serán vinculantes e de obrigado cumprimento e terán forza executiva a partir da data da súa adopción, sen presuízo, por razón da materia, da posibilidade da súa impugnación perante os órganos competentes e da Federación Galega Deportiva da modalidade ou perante o Comité Galego de Xusticia Deportiva.

CAPITULO IV

REXIME DOCUMENTAL

Artigo 20º

O réxime documental da Asociación, constará dos seguintes libros: Rexistro de Socios, de Actas e Contables.

Artigo 21º

No Libro de Rexistro de Socios, terán de consta-los nomes e apelidos dos socios de número, o seu Documento Nacional de Identidade e, no seu caso, os cargos de representación, goberno e administración que exerzan na Asociación. Tamén hanse especifica-las datas de altas e baixas, e as de toma de posesión e cese nos cargos aludidos.

Artigo 22º

Nos Libros de Actas, consignaranse as reunións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, con expresión da data, asistentes, asuntos tratados e acordos adoptados. As Actas terán de estar asinadas, en todo caso, polo Presidente e o Secretario.


Artigo 23º

Nos Libros de contabilidade figurarán tanto o patrimonio como os dereitos e obrigacións, e ingresos e gastos da Asociación, debéndose precisa-la procedencia daqueles e a inversión ou destino destes.

REXIME DISCIPLINARIO

Artigo 24º

Os órganos e socios do Club estarán sometidos ó regulamento disciplinario do Club e ó disposto no Título VII da Lei 11/1997 Xeral do Deporte de Galicia e normativa do seu desenvolvemento.


(6)

Artigo 25º

Así mesmo o Presidente e membros ou Xunta Directiva responderán fronte os socios, o Club ou terceiros dos prexuízos que ocasionaren por culpa ou negligencia grave, de conformidade coa regulamentación propia do Club e o Ordenamento Xurídico vixente.

CAPITULO V

REXIME ECONOMICO - FINANCIERO E PATRIMONIAL

Artigo 26º.- O/A SOCIEDAD DEPORTIVA BARALLA


Someterase ó réxime do presuposto e patrimonio propio coas seguintes limitacións:

- a) Non poderá destina-los seus bens a fins industriais, comerciais, profesionais ou de servicio, nin exercer actividades de igual carácter co fin de repartir beneficios entre os seus socios. Os seus ingresos aplicaranse integramente á conservación do seu obxecto social.
- b) Poderán fomentar manifestacións de carácter físico deportivo dirixidas ó público en xeral, aplicado os beneficios obtidos ó desenvolvemento das actividades físicas e deportivas dos seus asociados.
- c) O/A SOCIEDAD DEPORTIVA BARALLA poderá gravar e enaxenar bens inmoables, tomar cartos a préstamo e emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou parte alicuota patrimonial, sempre que cumpra os seguintes requisitos:
 - 1.- Que se autoricen tais operacións por maioría de dous tercios dos socios presentes ou representados na Asemblea Xeral Extraordinaria.
 - 2.- Que ditos actos non comprometan de modo irreversible o patrimonio da Entidade ou a actividade físico-deportiva que constituía o seu obxecto social. Para a adecuada xustificación desde extremo se poderá esixir, sempre que o soliciten como mínimo o cinco por cento dos socios de número, o oportuno dictame económico-actuarial.
 - 3.- Cando se trate de gravar ou enaxenar bens inmoables que foran financiados en todo ou parte, con Fondos Públicos da Comunidade Autónoma será preceptiva a autorización previa da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

Artigo 27º O/A SOCIEDAD DEPORTIVA BARALLA poderá recibir libremente doazóns que non excedan da cantidade de 500.000 Pts. No suposto de doazóns que superen esta cantidade será necesaria autorización expresa da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, previo informe da Federación correspondente.

Artigo 28º

- 1.- O/A SOCIEDAD DEPORTIVA BARALLA poderá emitir títulos de débeda ou de parte alicuota patrimonial.
- 2.- Os títulos serán nominativos.


(7)

Artigo 29º

1.- Os títulos inscribíranse nun libro que levará ó efecto a Asociación, no que se anotarán as sucesivas transferencias.

2.- En tódolos títulos constará o valor nominal, a data de emisión, e, no seu caso, o interese e prazo de amortización.

Artigo 30º

Os títulos de débeda só poderanse subcribir polos asociados, e a súa posesión non conferirá dereito algún especial ós socios, agás a percepción dos intereses establecidos conforme á lexislación vixente

Artigo 31º

Os títulos de parte alicuota patrimonial han ser asemade, subcritos polos asociados. En ningún caso estes títulos darán dereito á percepción de dividendos ou beneficios.

Artigo 32º

Os títulos de débeda e parte alicuota patrimonial serán transferidos unicamente entre os que teñan a condición de socio.

CAPITULO VI

REFORMA DOS ESTATUTOS E DISOLUCION DA SOCIEDADE


Artigo 33º

Os presentes Estatutos só poderán modificar, reformar ou derrogar, por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada a tal efecto, mediante votación favorable dos dous tercios dos socios de número asistentes.

A reforma destes Estatutos seguirá, con respecto ó Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, os mesmos trámites administrativos que para a súa inscrición.

Artigo 34º

O/A SOCIEDAD DEPORTIVA BARALLA
extinguirase ou disolverase por acordo de: a) dos dous tercios dos socios en Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada ó efecto b) por sentenza xudicial c) por outras causas legalmente determinadas. En todo caso haberá de ser notificado ó Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia.



(8)

Artigo 34º.-

Disolto O/A SOCIEDAD DEPORTIVA BARALLA o
remanente do seu patrimonio social, se o houbera, aplicarase a fins análogos de carácter deportivo
ben por acordo previo da Asemblea Xeral ou subsidiariamente pola Secretaría Xeral para o Deporte.





DILIXENCIA. Exténdoa para facer constar que os presentes Estatutos do club

SOCIEDAD DEPORTIVA BARALLA

foron ratificados e inscritos co n.º **5.825** no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 11/1997, de 22 de Agosto, xeral do deporte de Galicia (DOG 4-09-97).

9 de XUNO
O FUNCIONARIO

de 1998



Asdo.: **LUIS G. RAMOS MISIONE**

A handwritten signature in blue ink, written over a horizontal line. The signature is cursive and appears to read 'Luis G. Ramos Misioné'.